

CORRECCIONS MEMORIA AMBIENTAL DO PXOM BURELA

Setembro 2013

CORRECCIONS MEMORIA AMBIENTAL DO PXOM BURELA.....	1
1. ANTECEDENTES	3
2. TOMA EN CONSIDERACIÓN DA MEMORIA AMBIENTAL DE BURELA.....	3

1. ANTECEDENTES

Se recibe con data de 2 de setembro de 2013 a MEMORIA AMBIENTAL do PXOM de BURELA onde as disposicións finais determina unha serie de modificacións que serán as seguintes:

2. TOMA EN CONSIDERACIÓN DA MEMORIA AMBIENTAL DE BURELA

Deberá completarse o apartado relativo aos riscos coa análise dos riscos tecnolóxicos (principais fontes de contaminación físico-química, acústica, luminosa e electromagnética) que contarán coa súa correspondente representación cartográfica no plano I.13

Se inclúe o apartado 2.1.16 no ISA e se representan no plano I.13

No estudo da paisaxe xustificárase a non inclusión dentro da categoría de solo rústico de protección paisaxística os ámbitos identificados no apartado 2.3.1 como de interese paisaxístico. Ademais compre explicar cal foi a metodoloxía empregada ou a bibliografía de referenciá empregada para analizar a calidade e fragilidade visual, así como xustificar as valoracións acadadas.

Se corríxe o apartado 2.3.1 do ISA

Analizárase, de acordo co apartado 2.d) do Anexo V do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, a posible incompatibilidade acústica que pode existir entre: solo urbanizable industrial delimitado 101 (contiguo ao sector dotacional D03), o ámbito de solo urbanizable residencial R01 (contiguo ao solo urbano) e o sector D01 (contiguo a solo urbano). Asemade, o ISA incluírá as medidas preventivas para garantir esa compatibilidade que se trasladarán á normativa e a ficha urbanística do sector

Se corríxe no apartado 5.2.16 do ISA

No apartado 20 da memoria descritiva se recolle un estudo de zonificación acústica.

Incluírase unha análise das necesidades de desprazamento derivadas dos desenvolvementos previstos de acordo coa determinación 3.1.5.b) das DOT, cuxos resultados se trasladaran a la normativa.

Se corríxe no apartado 5.2.9 do ISA

- ▶ ~~normat~~ a.
Completárase a análise da compatibilidade do PXOM co planeamento dos concellos limítrofes, así como así con tódos aqueles instrumentos de planificación territorial en interacción co Plan que non foron considerados, como son o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, ou o Plan Sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal.

Se corríxe o apartado 2.2. do ISA

Deberán identificarse os efectos xerados por cada un dos novos desenvolvementos sobre cada unha das variables de sustentabilidade.

No apartado 5.2. se describen como se consideran os efectos dos diferentes urbanizables sobre as diferentes variables ambientais definidas

O deseño de medidas, por unha banda deberá completarse con todas aquelas sinaladas no apartado 4 desta memoria, e por outra, realizarase de xeito que cada medida definida se relacione co efecto sobre o que actúa.

O rego Bordeón está considerado conxuntamente co río Perdouro o non facer diferenza entre ambas cuncas, polo tanto as medidas propostas para o río Perdouro inclúen a cunca do rego Bordeón.

Os efectos identificados na variable de solo quedan totalmente cubertos polas medidas recollidas nas variables de ciclo de materiais no tocante a contaminación de solos.

En canto a superficie de solo impermeable as medidas están recollidas nas referidas ao ciclo hídrico, non aparecendo neste apartado para evitar duplicidades.

No tocante as edificacións as medidas de mellora e calidade estética da fachada do litoral están recollidas no capítulo 8 título 4 e nas disposicións estéticas de cada tipo de ordenación.

No tocante a relación das medidas cos efectos sobre os que actúan na descrición de cada medida recóllese explicitamente o efecto sobre o que actúa e o sentido da afección.

No plan de seguimento, a periodicidade para a emisión do informes de seguimento- ao órgano ambiental realizarase segundo a programación do PXOM, mentres que a toma de datos deberá realizarse anualmente.

Se corrixe

O estudo da viabilidade económica deberá completarse cunha análise do custo do seguimento e das medidas, tanto das preventivas e correctoras.

Se corrixe

2. A *Cartografía* completarse co seguinte:

O plano 1.14 -Visibilidade e Paisaxe- deberá incorporar a localización dos desenvolvementos propostos.

Se corrixe o plano

O plano da zonificación acústica (01.02) representarse en función dos obxectivos de calidade acústica fixados, empregando a mesma trama para cada un deles. Ademais incorporase á lenda a información dos límites establecidos para cada área.

Se incorporan os obxectivos ao plano

3. Tendo en conta que ordenanza OS (Industrial-comercial) contempla como usos permitidos, ademais do industrial, o residencial; o plan que desenvolva o sector industrial I01 deberá contera delimitación das áreas acústicas dentro do seu ámbito co fin de asegurar a compatibilidade acústica entre os diferentes usos.

Se recolle no ANEXO VI.FICHAS DE DESENVOLVEMENTO DOS SECTORES DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO

4. No tocante á *Normativa* do Plan:

Deberá completarse a táboa recollida no artigo 153 coa indicación dos límites acústicos establecidos para cada categoría, incluídas a área acústica G.

Se corrixe a táboa

Trasladarase á normativa a medida de realización Estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) nos instrumentos que os desenvolvan os sectores I01 e ND-102, así como todas aquelas recollidas polo ISA para as variables ciclo hídrico e ciclo dos materiais.

Se recolle no ANEXO VI.FICHAS DE DESENVOLVEMENTO DOS SECTORES DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO

Incorporarase á normativa as determinacións recollidas polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia para os seguintes sectores:

- o Determinacións referentes á área de mellora ambiental e paisaxística para os polígonos de solo urbano non consolidado P03, P04, POS, P20, P21, P22, P23 e P24.
- o Determinacións referentes á área de protección costeira para o sector de solo urbano non consolidado POS.
- o Determinacións referentes ao grao de compatibilidade 2 para a solo urbano non consolidado P03, P04 e PO5.
- Determinacións referentes ao grao de compatibilidade 4 para a solo urbano non consolidado POS.

O tratarse de elementos ordenados polo propio PXOM, xa recollen as determinacións do POL, estando xustificadas na memoria descritiva, páxina 69 e 70, polo que no compre establecer novas regulacións na normativa

Recollense normativamente as determinacións do POL para as sete Praias que identifica o concello

Se recolle no artigo 236.

Incluírase o resumo do informe da dirección xeral de patrimonio cultural do 30/08/2013 xustificando como foi integrado na documentación.

Se recolle o informe e a súa xustificación